



Grupo Municipal
RIBEIRA

ANXELES GONZÁLEZ GRUXEIRAS, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coas obras que deixou a medio executar a empresa SEIXO S.L.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non é a primeira vez que a empresa con denominación **SEIXO S.L.** deixa colgadas obras no municipio, así o fixo coas vivendas sociais de Xaras, en Ribeira, facendo que as esperas de varias familias se alongaran no tempo para poder acceder ás súas vivendas.

Agora, o grupo **PROINSA**, ao que pertence a empresa **SEIXO, S.L.**, ven de suspender pagos e despedir á meirande parte dos seus empregados, deixando abandonadas un bo número de contratas que estaba a executar na localidade. Trátase por exemplo de obras como as da **Praza dos Irmandiños**, a **Casa da Xuventude** e a recuperación do casco histórico de **Carreira**.

Os inconvenientes que a paralización destas obras van causar á veciñanza son enormes. No caso da **Casa da Xuventude** pode significar a perda de **700.000 €** en subvencións, ao que hai que engadirlle o retraso na construción da edificación ou mesmo que a obra quede paralizada por moito tempo, e a mocidade de Ribeira sen uns servizos que demandan.

Noutros casos, como o da recuperación do casco histórico de **Carreira**, levantouse todo o pavimento da rúa e agora mesmo está intransitable, inmensas fochancas de terra e lodo impiden incluso pasar a pé; moitos dos residentes quedáronse sen acceso útil á súa propia vivenda. A **Praza dos Irmandiños**, longamente demandada pola veciñanza, verase novamente paralizada sine die.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG presenta a seguinte

SOLICITUDE

1. Que, por parte do Goberno Municipal, se lle informe ao Pleno da Corporación Municipal e a toda á cidadanía que vai pasar coas obras que **SEIXO S.L.** deixou a medio executar.
2. Que se axilicen os trámites o máximo posible para que todas aquelas obras que dificultan a vida cotiá da cidadanía, se rematen o antes posible.

Ribeira, 28 de Marzo de 2008

Asdo.: **Anxeles González Gruxeiras**

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA